

CALENDARIO DE PRESENTACIÓNS DO CURSO 2020-021

Debido ao protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fixou unha incorporación gradual do alumnado para o presente curso.

O calendario de presentacións do alumnado é o seguinte:

MÉRCORES 23 DE SETEMBRO		XOVES 24 DE SETEMBRO		VENRES 25 DE SETEMBRO	
1º ESO	09:00	3º ESO	09:00	4º ESO	09:00
2º ESO	11:00	2º BACH	11:00		
1º BACH	13:00				

- O acceso ao recinto farase pola entrada principal. O alumnado só poderá entrar ao recinto 15 minutos antes da hora asignada para a presentación do seu curso.
- O alumnado confirmará o seu grupo nas listaxes que atopará na zona do aparcadoiro e seguirá as indicación do profesorado para dirixirse cara á aula correspondente.
- A presentación durará entre 1h e 1h30 e, da man do/a titor/a, o alumnado coñecerá as normas principais do protocolo relacionado coa adaptación do ensino á Covid-19 e as instalacións do centro. A continuación, o alumnado abandonará o centro.
- As clases con todos os grupos comezarán a partir do luns 28 de setembro seguindo as pautas explicadas na presentación e conforme ao horario habitual (mañás, de 09:05 a 14:35; e tarde do martes de 16:30 a 18:10).

REUNIÓNS INFORMATIVAS PRESENCIAIS COAS FAMILIAS DE 1º ESO

MARTES 22 DE SETEMBRO	
1º ESO A + B	16:00
1º ESO C + D	17:30

- As familias coñecerán o grupo ao que está asignado o seu fillo ou filla a través de AbalarMóbil ou chamando ao número 886 15 98 01 en horario de mañá (Lei Orgánica de Protección de Datos 3/2018).
- A reunión terá lugar no ximnasio do IES, ao que se accederá pola porta exterior que se atopa nas escaleiras do acceso principal.
- Para evitar aglomeracións e en cumprimento das indicacións sanitarias:
 - Só pode asistir un membro da familia por cada alumno/a.
 - Prégase acceder de maneira gradual nos momentos previos ás horas marcadas.
- Temas a tratar:
 - Acollida.
 - Inicio de curso.
 - Medidas recollidas no Plan de Adaptación ao Protocolo Covid-19.
- Esta información será remitida ao conxunto das familias a través das titorías e por vía telemática (páxina web, Abalar).